

Ao lonxe as nubes negras non axudaban a levantar o ánimo. Nos ouvidos só o bater dos cascos dos cabalos na terra mol; na testa unha suor fría e pegañenta. E nos ollos esas nubes negras. Sentía a respiración forte do seu cabalo Canela, os urros do resto dos cabaleiros que tras del corrían. De aquí a nada comezaría a chover. Deixara atrás Becherne-capital había dous días e, como se fose un presentimento, antes de se internar no biduiral, botou unha ollada para atrás e, ao ver as murallas, os edificios altos, o castelo-pazo, as bandeiras a flamexar ao vento, sentiu unha punzada no corazón, un encollemento. Desde aquela unha sombra de tristura, de melancolía, dun algo de medo, cubría a mente, o ánimo, do rei: e aquelas nubes negras que se divisaban ao lonxe, correndo cara a Becherne, non axudaban a levantar o ánimo.

Tiveran que dar un longo rodeo, para entrar polo sur e así evitar as emboscadas dos grupos milicianos que polo leste había. Aínda tardara uns días en organizar un pequeno exército de vinte mil homes, divididos, indo un terzo deles polo norte, por tras das montañas do Grur, a ver se por alá era factíbel establecer un paso polo cal chegar a Azilhae do Norte. O resto ía tras del, a non ser un grupo de avanzada, unha milla máis adiantados. As últimas noticias que se tiveran, xusto antes de partir cara a Azilhae, non eran moi boas: a metade do Grur estaba en mans da Milicia, que a cada pouco ía medrando máis, e o resto contaba con inumerábeis focos de rebelión na metade das vilas. Na zona norte de Azilhae o levantamento fora practicamente éxito, e no sur o Iriss estaba ocupado até pouco antes de chegar á desembocadura do Ses Pettão; é dicir: os rebeldes estaban a uns cincuenta quilómetros de Litto. Na zona central, a cousa aínda estaba domeada, mais, se o norte e máis o sur caían, era cuestión de tempo que o centro tamén o fixera. O plano de urxencia que barallara o rei, xunto cos seus estrategos máis calificados e de máis confianza, era o de distraer a atención polo norte, pola retagarda, para ter tempo suficiente de organizar as cousas no sur, sacudirse a resistencia alá, logo vencer no norte e, a xeito de tenace, rematar coa Milicia no Grur. Sabía o rei que a cousa non ía ser sinxela. Todos os aequores agora, incluso nas vilas onde o alzamento non triunfara, eran rebeldes: por iso mandara que estes se pecharan nas súas casas en todas as vilas so ameaza de matar a todo aquel que se topase polas rúas, fose o motivo que for.

O rei agora tópase mergullado no mundo dos baralles: pasa de Azilhae a Becherne, de Amanda a Odón, de Odón aos fillos, dos fillos a... Minu. Aquela noite fora como se todo o pasado se desenrolase no seu cuarto, con todo o seu peso, con toda a súa contundencia. Minu, o seu vello, vellísimo amigo. Cun sorriso branquísimo e só pelexo e osos: estás moi vello, fora o primeiro que dixeran Marcos. Minu sorrira unha vez máis antes de dicir: pois ti non é que me quedas atrás. Falaran toda a noite: todo o pasado falou con Marcos aquela noite. Aínda se lembra do día que marchara Minu, con Afonso, pouco despois da morte de Iosé: algún día voltaremos a nos ver, dixeran aquel, cuns ollos cheos de dureza e tristura, e agardo que non sexa para te matar. Descoida, díxeralle daquela un soberbo Marcos, en todo caso serei eu quen o faga. E, desde aquela, máis de vinte anos pasaran polas meniñas de ambos os dous. E Afonso, preguntara o rei; Afonso está de onde eu vin: de alén das Montañas do Norte, nunha vila chamada Olèuç. Alá viven como viviamos nós antes, en aldeas independentes, mais moito mellor... E entón Minu comezou a lle contar como fora a súa vida nos seus últimos anos: como foran parar ás Altas Montañas do Norte, como alí fixeran vida coma pedreiros e como, ao pouco, as súas ansias por saber que había alén das Montañas, levounos a marchar de alá uns anos antes de que Marcos invadira o lugar: estando alí, dixeran Minu, a cada pouco chegábanos noticias da expansión do teu reino; das grandes batallas, das grandes rapinas, das grandes matanzas... E alá, alá era coma un soño. Son unhas xentes rudas como a pedra que conforma esas montañas mais quentes nos seus sentimentos, como os materiais que domean. Nós, cando nos tocaba sacar os rabaños, ollabamos as terras da outra banda das Montañas; e iso chamábanos moito a atención e, como nada nos ataba a aquel lugar, a non ser as grandes amizades que alí fixemos, que xa era moito, decidimos baixar e coñecer novas xentes: estivemos sete anos dun lado para o outro. Coñecemos costumes, linguas, xeitos de ver a vida moi diversos e curiosos, moi fermosos. Alá, cada vila pódese dicir que é un mundo diferente: comercian as unhas coas outras, casan os uns cos outros... Non son aldeas pechadas e baseadas na rapina como eran as nosas... É algo moi diferente, moi fermoso. Houbo un día que voltaron a chegarnos novas túas a

través da caída das Altas Montañas do Norte. Foi aí cando decidín voltar á aldea. Non sei por que: chámalle melancolía, saber en que medida mudaran aquí as cousas... Afonso non quixo vir comigo; agora é un feliz pai, cunha muller fermosísima, de grandes ollos azuis e longas trenzas amarelas. Telo que ver, é o home máis feliz do mundo. Eu? Eu nunca tiveron fortuna en cuestións de amor, xa o sabes. Cheguei aquí e topeime con Becherne; que queres que che diga: abraiado quedei. Non había nin rastro da aldea... Si, enriqueceches a Xente de Barc mais a custa de... Como que non empece, a iso vin, a empezar, mellor, a recomenzar o que se deixou hai vinte anos....

Vosa Ilustrísima, interrompe nos seus pensamentos un membro da avanzada, acabamos de enxergar a vila de Dirill. E que vistes, pregunta o rei: establecemos comunicación visual a través de espellos e comunicáronnos desde a aldea que a franxa costeira que vai até o Iriss aínda está baixo o noso control. Ben, di o rei, hai que se apresurar: pararemos en Dirill e mañá chegaremos a Litto.